Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 1 de un total de 15 página(s).

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Acordo do Consello de goberno de 28 de abril de 2026 polo que se regulan as vacacións e a concesión de permisos e licenzas do persoal docente e investigador da Universidade da Coruña

Coa finalidade de unificar as distintas disposicións normativas relativas á regulamentación das vacacións e a concesión de permisos e licenzas para o persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, e tras o acordo coa representación das persoas traballadoras, apróbase a presente norma ao abeiro do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP); da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, e demais disposicións legais vixentes de aplicación.

A presente resolución é de aplicación a todo o persoal docente e investigador da Universidade da Coruña comprendido no ámbito de aplicación da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario.

Primeiro. Vacacións

1. Duración

Todo o persoal docente e investigador terá dereito a gozar, durante cada ano natural como mínimo, dunhas vacacións retribuídas de vinte e dous días hábiles, ou dos días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Para estes efectos, non se considerarán como días hábiles os sábados.

Así mesmo, terá dereito a un día hábil adicional ao cumprir quince anos de servizo e engadiráselle un día hábil máis ao cumprir os vinte, vinte e cinco e trinta anos de servizo, respectivamente, ata un total de vinte e seis días hábiles por ano natural. Este dereito farase efectivo a partir do ano natural seguinte ao do cumprimento dos anos de servizo indicados. Estes días adicionais gozaranse tendo en conta as necesidades de servizo.

2. Período e solicitude

O período de vacacións gozarase no mes de agosto. Con carácter xeral, entenderase concedido neste mes sen necesidade de solicitude.

Poderán solicitarse os correspondentes días de vacacións entre o 20 de xullo e o 10 de setembro, sempre que sexan compatibles coas actividades docentes.

De xeito excepcional, poderanse autorizar noutro período en que a persoa solicitante non teña asignada docencia, en intervalos mínimos de cinco días hábiles consecutivos.

Cando o período de vacacións obrigatorias coincida cunha incapacidade temporal, maternidade, paternidade, adopción ou acollemento e acumulación de lactación, autorizarase o seu goce en período distinto, preferentemente cando a persoa non teña asignada docencia, para o cal cumprirá unha solicitude previa e motivada do traballador ou traballadora. Terá o mesmo dereito quen estea gozando dunha licenza por matrimonio.

3. Acumulación de vacacións

Os/as traballadores/as terán dereito a acumular as vacacións a calquera outro permiso, en particular aos permisos por maternidade, paternidade, lactación, adopción e garda con fins de adopción ou acollemento dun fillo/a. Poderanse acumular as vacacións aos períodos de incapacidade temporal, logo de o solicitar, e sempre que as necesidades de cobertura da

docencia o permitan.

Recoñécese o dereito á fixación dun período alternativo de vacacións nos casos de coincidencia do período ordinario cos permisos por lactación, parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, ou cos permisos do/a outro/a proxenitor/a por parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento dun fillo.

Segundo. Permisos e licenzas

1. Tramitación e xustificación

As solicitudes e as autorizacións de permisos e licenzas serán unicamente tramitadas en soporte electrónico, acompañadas, de ser o caso, da xustificación documental correspondente indicada no anexo I, agás nos casos en que polas características da solicitude a xustificación teña que se facer con posterioridade.

As solicitudes entenderanse concedidas cando figuren debidamente autorizadas pola persoa responsable ou logo de 5 días desde a súa presentación, agás as que requiran unha resolución expresa da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

Con carácter xeral as solicitudes deberanse remitir cando menos con 10 días de antelación. No caso de que circunstancias excepcionais impidan o cumprimento dos citados prazos, tanto a solicitude como a súa resolución tramitaranse coa maior celeridade. Neste caso a resolución deberá ser expresa.

2. Autorización

Por razóns de eficacia e axilidade, a concesión de permisos e licenzas delégase, con carácter xeral, na dirección do departamento ao que estea adscrita a persoa solicitante.

Quedan exceptuados desta delegación os permisos e licenzas recollidos nos puntos 3.c), 3.e), 3.m), 3.n), 3.ñ), 3.o), 3.r), 4 e 5, que serán resoltos pola vicerreitoría con competencias en materia de Profesorado.

3. Permisos e licenzas de carácter xeral

A persoa traballadora, logo da xustificación adecuada, terá dereito a permisos e licenzas retribuídas pola duración e causas seguintes:

a) Permiso por matrimonio, quince días naturais. Para estes efectos, a convivencia de feito acreditada legalmente asimilarase ao matrimonio.

b) Por accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario do cónxuxe, parella de feito ou parentes ata o primeiro grao por consanguinidade ou afinidade, así como de calquera outra persoa distinta das anteriores que conviva coa persoa traballadora no mesmo domicilio e que requira o coidado efectivo daquela, cinco días hábiles.

Por accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, catro días hábiles.

c) Por cada caso de accidente ou enfermidade moi graves do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, un máximo de trinta días naturais que poderán empregarse de forma separada ou acumulada.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 2 de un total de 15 página(s).

d) En caso de falecemento do cónxuxe, parella de feito ou familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, tres días hábiles cando o suceso se produza na mesma localidade e cinco días hábiles cando sexa en distinta localidade.

Cando se trate do falecemento dun familiar dentro do segundo grao de consanguinidade ou afinidade, dous días hábiles cando se produza na mesma localidade e catro días hábiles cando sexa en distinta localidade.

e) Permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido a cargo por tempo superior a un ano, ata o momento en que o menor cumpra oito anos: terá unha duración non superior a oito semanas, continuas ou descontinuas, poderá desfrutarse a tempo completo ou en réxime de xornada a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e conforme os termos que regulamentariamente se establezan.

f) Por traslado de domicilio, un día sen cambio de localidade e dous días se hai cambio de localidade. Se a unidade familiar está integrada por dúas ou máis persoas, dous días naturais sen cambio de localidade e catro días naturais con cambio de localidade.

g) Para realizar funcións sindicais, de formación sindical ou de representación do persoal, nos termos que se determine.

h) Para concorrer a exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público, durante os días da súa celebración.

i) Para a realización de exames prenatais pola traballadora embarazada e técnicas de preparación ao parto pola traballadora embarazada e a persoa non xestante.

Para efectos do disposto neste punto, o termo embarazadas inclúe tamén as persoas trans xestantes.

O persoal docente e investigador ten dereito aos permisos necesarios para acompañar o cónxuxe ou parella de feito á realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.

l) Nos casos de adopción ou acollemento, ou garda con fins de adopción, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade, que se deban realizar dentro da xornada de traballo.

m) Por lactación dun fillo menor de doce meses, unha hora de ausencia do traballo que poderá dividir en dúas fraccións. Este dereito poderá substituírse por unha redución da xornada normal en media hora ao comezo e ao final da xornada ou, nunha hora ao comezo ou ao final da xornada, coa mesma finalidade. Este dereito poderá ser exercido indistintamente por unha ou outra das persoas proxenitoras, no caso de que ambas traballen.

Igualmente o persoal poderá solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente. Pola acumulación completa deste permiso corresponderán 30 días naturais. Este permiso incrementarase proporcionalmente nos casos de parto, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple.

Nos supostos de adopción ou acollemento, este dereito computarase durante o primeiro ano desde a resolución xudicial ou administrativa de adopción ou acollemento.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 3 de un total de 15 página(s).

n) Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto, a persoa traballadora terá dereito a ausentarse do traballo durante un máximo de dúas horas diarias percibindo as retribucións íntegras.

Así mesmo, terá dereito a reducir a súa xornada de traballo ata un máximo de dúas horas, coa diminución proporcional das súas retribucións.

ñ) Por razóns de garda legal, cando o persoal teña o coidado directo dalgún menor de doce anos, de persoa maior que requira especial dedicación, ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución que corresponda nas súas retribucións.

Terá o mesmo dereito o persoal que precise encargarse do coidado directo dun familiar, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, que por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poida valerse por si mesmo e que non desempeñe actividade retribuída.

o) Por ser preciso atender o coidado dun familiar de primeiro grao, a persoa traballadora terá dereito a solicitar unha redución de ata o cincuenta por cento da xornada laboral, con carácter retribuído, por razóns de enfermidade moi grave e polo prazo máximo dun mes.

Se houber máis dun titular deste dereito polo mesmo feito causante, o tempo de goce desta redución poderase ratear entre eles, respectando en todo caso o prazo máximo dun mes.

p) Polo tempo indispensable para o cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal, de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e de asistencia a consultas e revisións médicas.

q) Por asuntos particulares, sen xustificación e atendendo sempre ás necesidades do servizo, nove días ou os días que correspondan proporcionalmente se o tempo de servizo durante o ano foi menor. Estes permisos gozaranse preferentemente fóra das xornadas en que o persoal teña obrigas docentes.

Ademais dos días por asuntos particulares anteriores, os traballadores terán dereito ao goce de dous días adicionais ao cumprir o sexto trienio, incrementándose nun día adicional por cada trienio cumprido a partir do oitavo.

Estes días poderán gozarse ata o 30 de xaneiro do ano seguinte.

r) Licenza por asuntos propios. Ao persoal que conte cun ano de servizos prestados na mesma categoría e universidade en que se solicita poderán concederse licenzas por asuntos propios sen retribución sempre que a duración acumulada non exceda dos tres meses cada dous anos.

s) Polo tempo indispensable para a realización dos actos preparatorios da doazón de órganos ou tecidos sempre que deban ter lugar dentro da xornada de traballo.

t) Permiso para a realización de tratamentos de fecundación asistida, condicionado á xustificación previa da necesidade de realización durante a xornada de traballo que, en todo caso, se limitará ao tempo preciso para a práctica do tratamento. Se a necesidade de desprazamento o xustificase, dous días hábiles.

Este permiso será de aplicación para acompañar ao cónxuxe ou á parella de feito para a realización do tratamento.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 4 de un total de 15 página(s).

4. Permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual e para as vítimas de terrorismo e os seu familiares directos

Concederanse permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e por razón de violencia de xénero, cando concorra algunha das seguintes causas xustificadas:

a) Permiso por parto.

Nos casos de parto, a nai ten dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas, das cales as seis semanas inmediatamente posteriores ao parto serán, en todo caso, de descanso obrigatorio e ininterrompido.

No suposto de monoparentalidade, por existir unha única persoa proxenitora, o permiso será de trinta e dúas semanas.

A duración deste permiso ampliarase nos casos e polos períodos que a continuación se determinan:

- Discapacidade do fillo ou filla: dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores.
- Partos múltiples: dúas semanas máis por cada fillo ou filla a partir do segundo, unha para cada un dos proxenitores.
- Partos prematuros e aqueles nos cales, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto: tantos días como o neonato permaneza hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

Este permiso distribúese da seguinte maneira:

1.º Seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores ao parto, serán obrigatorias e terán que desfrutarse a xornada completa.

2.º Catorce semanas, vinte e dúas no caso de monoparentalidade, que poderán distribuírse a vontade da nai, en períodos semanais a desfrutar de forma acumulada ou interrumpida e exercitarse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao parto ata que o fillo ou a filla cumpra doce meses.

3.º Dúas semanas, catro no caso de monoparentalidade, para o coidado do menor que poderán distribuírse a vontade da nai, en períodos semanais de forma acumulada ou interrumpida ata que o fillo ou a filla cumpra os oito anos.

Este permiso constitúe un dereito individual da nai biolóxica, sen que poida transferirse o seu exercicio.

No caso de goce interrompido requiririase, para cada período, un preaviso de cando menos 15 días e realizarase por semanas completas.

No caso das semanas ás que se refire o parágrafo 3.º, cando concorran en ambas persoas proxenitoras, adoptantes, ou acolledoras, polo mesmo suxeito e feito causante, o período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da docencia, poderá aprazarse a concesión do permiso por un período razoable, xustificándoo por escrito e despois de ofrecer unha alternativa de desfrute máis flexible.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 5 de un total de 15 página(s).

Nos casos de falecemento da nai, o exercicio do dereito ao permiso previsto neste artigo corresponderalle ao outro proxenitor, descontándose, se é o caso, o período de duración do permiso consumido pola nai falecida.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, agás que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

Deste permiso pódese facer uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Durante o goce deste permiso, unha vez finalizado o período de descanso obrigatorio, poderase participar en cursos de formación convocados pola Administración.

Para os efectos do disposto neste artigo, o termo nai inclúe tamén as persoas trans xestantes.

b) Permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple.

Nos casos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, o persoal docente e investigador terá dereito a un permiso retribuído de vinte e dúas semanas. Seis semanas deberán gozarse a xornada completa de maneira obrigatoria e ininterrompida inmediatamente despois da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou da decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.

No suposto de monoparentalidade, por existir unha única persoa proxenitora, o permiso será de trinta e dúas semanas.

A duración deste permiso ampliarase nos casos e polos períodos que a continuación se determinan:

- Discapacidade da persoa menor adoptada ou acolida: dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores.
- Adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiple: dúas semanas máis por cada persoa menor adoptada ou acolida a partir da segunda, unha para cada un dos proxenitores.

O permiso de cada un dos proxenitores polo coidado da persoa menor distribúese do seguinte xeito:

1.º Seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores á resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou á decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento, serán obrigatorias e deberán gozarse a xornada completa.

2.º Catorce semanas —vinte e dúas no caso de monoparentalidade— que poderán distribuírse á vontade daqueles, en períodos semanais para gozar de forma acumulada ou interrompida, e exercerse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao feito causante dentro dos doce meses seguintes, xa sexa desde o nacemento do fillo ou filla, xa sexa desde a resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou desde a decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.

3.º Dúas semanas —catro no caso de monoparentalidade— para o coidado da persoa menor, que poderán distribuírse á vontade daqueles, en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida ata que o fillo ou a filla cumpra oito anos.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 6 de un total de 15 página(s).

En ningún caso un mesmo menor poderá dar dereito a varios períodos de desfrute deste permiso.

Este permiso constitúe un dereito individual das persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio

No caso do gozo interrompido requirirase, para cada período, un preaviso de cando menos 15 días e realizarase por semanas completas.

No caso das semanas a que se refire o parágrafo 3.º, cando concorran en ambas as dúas persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras polo mesmo suxeito e feito causante, e o período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da docencia, poderase aprazar a concesión do permiso por un período razoable, xustificándoo por escrito e despois de ter ofrecido unha alternativa de gozo máis flexible.

Deste permiso poderá facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Durante o desfrute deste permiso poderase participar nos cursos de formación convocados pola Administración pública.

Os supostos de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple, recollidos neste artigo son os establecidos na normativa aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia, debendo ter o acollemento simple unha duración non inferior a un ano.

Nos casos de adopción ou acollemento internacionais, tense dereito, se fose necesario o desprazamento previo ao país de orixe da persoa menor, a un permiso de ata tres meses de duración, fraccionables á elección da persoa titular do dereito, e durante os cales se percibirán exclusivamente as retribucións básicas.

Con independencia do previsto no número anterior, nos casos recollidos neste artigo, o permiso de adopción, garda con fins de adopción ou acollemento poderá iniciarse ata catro semanas antes da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou da decisión administrativa ou xudicial de acollemento.

c) Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica polo nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dunha filla ou fillo.

Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción dun fillo ou filla, o persoal que non estea gozando do permiso por parto, acollemento, garda con fins de adopción ou adopción previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de dezanove semanas, das cales as seis semanas inmediatamente posteriores ao feito causante serán, en todo caso, de descanso obrigatorio.

No suposto de monoparentalidade, por existir unha única persoa proxenitora, o permiso será de trinta e dúas semanas.

Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo ou filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, garda con fins de adopción ou acollemento múltiples, para gozar a partir da data do nacemento, da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción, ou da resolución xudicial pola que se constitúa a adopción.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 7 de un total de 15 página(s).

Este permiso distribúese do seguinte xeito:

1.º Seis semanas ininterrompidas inmediatamente posteriores á resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou á decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento, serán obrigatorias e deberán gozarse a xornada completa.

2.º Once semanas —vinte e dúas no caso de monoparentalidade— que poderán distribuírse á vontade daqueles, en períodos semanais para gozar de forma acumulada ou interrompida, e exercerse desde a finalización do descanso obrigatorio posterior ao feito causante dentro dos doce meses seguintes, xa sexa desde o nacemento do fillo ou filla, xa sexa desde a resolución xudicial pola que se constitúa a adopción ou desde a decisión administrativa de garda con fins de adopción ou de acollemento.

3.º Dúas semanas —catro no caso de monoparentalidade— para o coidado da persoa menor, que poderán distribuírse á vontade daqueles, en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida ata que o fillo ou a filla cumpra oito anos.

Este permiso constitúe un dereito individual das persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras, homes ou mulleres, sen que poida transferirse o seu exercicio.

No caso do gozo interrompido requiririase, para cada período, un preaviso de cando menos 15 días e realizarase por semanas completas.

No caso das semanas a que se refire o parágrafo 3.º, cando concorran en ambas as persoas proxenitoras, adoptantes ou acolledoras polo mesmo suxeito e feito causante, e o período solicitado altere seriamente o correcto funcionamento da docencia, poderase aprazar a concesión do permiso por un período razoable, xustificándoo por escrito e despois de ter ofrecido unha alternativa de gozo máis flexible.

Nos casos de parto prematuro e naqueles en que, por calquera outra causa, o neonato deba permanecer hospitalizado a continuación do parto, este permiso ampliarase en tantos días como o neonato permaneza hospitalizado, cun máximo de trece semanas adicionais.

No suposto de falecemento do fillo ou filla, o período de duración do permiso non se verá reducido, salvo que, unha vez finalizadas as seis semanas de descanso obrigatorio, se solicite a reincorporación ao posto de traballo.

Durante o gozo deste permiso, transcorridas as seis primeiras semanas ininterrompidas e inmediatamente posteriores á data do nacemento, poderase participar nos cursos de formación convocados pola Administración.

O persoal que estea gozando do permiso por parto ou por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento pode facer uso deste permiso inmediatamente a continuación da finalización do período de duración daquel nos seguintes supostos:

- Cando a persoa titular do dereito falecese antes da utilización íntegra do permiso.
- Se a filiación do outro proxenitor non está determinada.
- Cando, en resolución xudicial ditada nun proceso de nulidade, separación ou divorcio iniciado antes da utilización do permiso, se lle recoñecese á persoa que o está gozando a garda do fillo ou filla.

Deste permiso poderá facerse uso a xornada completa ou a tempo parcial, cando as necesidades do servizo o permitan e nos termos que regulamentariamente se determinen.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 8 de un total de 15 página(s).

Nos casos previstos nos permisos indicados en 4.a), 4.b) e 4.c) o tempo transcorrido durante o goce destes permisos computarase como de servizo efectivo para todos os efectos, garantíndose a plenitude de dereitos económicos da traballadora e, se é o caso, da outra persoa proxenitora, durante todo o período de duración do permiso e, se é o caso, durante os períodos posteriores ao goce deste, se de acordo coa normativa aplicable, o dereito a percibir algún concepto retributivo se determinase en función do período de goce do permiso.

As persoas traballadoras que fagan uso do permiso por parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento terán dereito, unha vez finalizado o período de permiso, a reintegrarse ao seu posto de traballo en termos e condicións que non lles resulten menos favorables ao goce do permiso, así como a beneficiarse de calquera mellora nas condicións de traballo a que puidesen ter dereito durante a súa ausencia.

d) Permiso por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual sobre a muller traballadora.

As faltas de asistencia das traballadoras vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual, totais ou parciais, terán a consideración de xustificadas polo tempo e nas condicións en que así o determinen os servizos sociais de atención ou de saúde, segundo proceda.

Así mesmo, as traballadoras vítimas de violencia sobre a muller ou de violencia sexual, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito de asistencia social integral, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou a reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que para estes supostos estableza o plan de igualdade de aplicación o no seu defecto, a Administración pública competente en cada caso.

No suposto enunciado no parágrafo anterior, a traballadora manterá as súas retribucións íntegras cando reduza a súa xornada nun terzo ou menos.

e) Permiso por coidado de fillo menor, afectado por cancro ou outra enfermidade grave.

Terase dereito, sempre que ámbalas persoas proxenitoras, adoptantes, gardadoras con fins de adopción ou acolledoras de carácter permanente traballen, a unha redución da xornada de traballo de polo menos a metade da duración daquela, percibindo as retribucións íntegras con cargo aos orzamentos do órgano ou entidade onde veña prestando os seus servizos, para o coidado, durante a hospitalización e tratamento continuado, do fillo ou da filla menor de idade, afectado por cancro (tumores malignos, melanomas ou carcinomas) ou por calquera outra enfermidade grave que implique un ingreso hospitalario de longa duración e requira a necesidade do seu coidado directo, continuo e permanente acreditado polo informe do servizo público de saúde ou órgano administrativo sanitario da comunidade autónoma ou, se é o caso, da entidade sanitaria concertada correspondente e, como máximo, ata que o fillo ou persoa que fose obxecto de acollemento permanente ou garda con fins de adopción cumpra os 23 anos. Para estes efectos, o mero cumprimento dos 18 anos do fillo ou do menor suxeito a acollemento permanente ou a garda con fins de adopción, non será causa de extinción da redución da xornada, se se mantén a necesidade de coidado directo, continuo e permanente.

Non obstante, cumpridos os 18 anos, poderase recoñecer o dereito á redución de xornada ata que a persoa ao seu cargo cumpra os 23 anos nos supostos en que o padecemento do cancro ou enfermidade grave fose diagnosticado antes de acadar a maioría de idade, sempre

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 9 de un total de 15 página(s).

que no momento da solicitude se acrediten os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores, salvo a idade.

Así mesmo, manterase o dereito a esta redución de xornada ata que a persoa ao seu cargo cumpra 26 anos se, antes de alcanzar os 23 anos, acreditase, ademais, un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.

Cando concorran en ambas persoas proxenitoras, adoptantes, gardadoras con fins de adopción ou acolledoras de carácter permanente, polo mesmo suxeito e feito causante, as circunstancias necesarias para ter dereito a este permiso ou, se é o caso, poidan ter a condición de beneficiarias da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lles sexa de aplicación, o traballador ou traballadora terá dereito á percepción das retribucións íntegras durante o tempo que dure a redución da súa xornada de traballo, sempre que a outra persoa proxenitora, adoptante ou gardadora con fins de adopción ou acolledora de carácter permanente, sen prexuízo do dereito á redución de xornada que lle corresponda, non cobre as súas retribucións íntegras en virtude deste permiso ou como beneficiaria da prestación establecida para este fin no réxime da Seguridade Social que lle sexa de aplicación. En caso contrario, só se terá dereito á redución de xornada, coa conseguinte redución de retribucións.

f) Para facer efectivo o seu dereito á protección e á asistencia social integral, quen sufrise danos físicos ou psíquicos como consecuencia da actividade terrorista, o seu cónxuxe ou persoa con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos e falecidos, sempre que teñan a condición de traballadores públicos e de vítimas do terrorismo de acordo coa lexislación vixente, así como os traballadores públicos ameazados nos termos do artigo 5 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral ás vítimas do terrorismo, logo de recoñecemento do Ministerio do Interior ou de sentenza xudicial firme, terán dereito á redución da xornada con diminución proporcional da retribución, ou á reordenación do tempo de traballo, a través da adaptación do horario, da aplicación do horario flexible ou doutras formas de ordenación do tempo de traballo que sexan aplicables, nos termos que estableza a Administración competente en cada caso.

Estas medidas serán adoptadas e mantidas no tempo mentres que resulten necesarias para a protección e asistencia social integral da persoa a que se concede, xa sexa por razón das secuelas provocadas pola acción terrorista, xa sexa pola ameaza á que se encontra sometida, nos termos previstos regulamentariamente.

5. Permisos por docencia e investigación

O persoal docente e investigador terá dereito a solicitar os seguintes permisos para completar ou mellorar a súa formación docente ou investigadora:

a) A estadía ata un período dun ano noutras universidades ou centros que realicen actividade investigadora, logo de acreditación da aceptación por parte do devandito centro.

Se a duración da licenza é menor de tres meses, o solicitante poderá percibir a totalidade das súas retribucións. Se a duración da licenza é igual ou superior a tres meses e sempre que esta non supere o ano, o/a solicitante percibirá o 80 % das súas retribucións a partir do remate do terceiro mes de licenza.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 10 de un total de 15 página(s).

Considerarase como licenza igual ou superior a tres meses aquela que, sumadas as desenvolvidas no mesmo curso académico, superen dito período. Para este cómputo non se terán en conta as licenzas que non excedan de 10 días naturais.

O mes de agosto non interrompe a licenza para os efectos de docencia e investigación e non computa para os efectos de reducións de retribucións nas licenzas inferiores a un ano.

As licenzas de duración superior a un ano non darán lugar ao recoñecemento de retribucións durante a totalidade do período que se autoriza.

b) O profesorado con vinculación permanente, que tivese un período ininterrompido de seis anos de docencia na universidade en réxime de dedicación a tempo completo, terá dereito a solicitar licenzas sabáticas de ata un ano de duración, conservando os seus dereitos económicos e administrativos. Este permiso está regulado polo *Acordo de 16 de decembro de 2025, de Consello de Goberno, polo que se aproba a normativa que regula a concesión de licenzas sabáticas*.

Disposición adicional.

Ademais dos mencionados na presente normativa, concederanse aqueloutros permisos e licenzas que figuren na lexislación de aplicación.

Disposición derrogatoria.

Esta resolución derroga a *Normativa sobre permisos e licenzas do persoal docente e investigador* (aprobada por acordo do Consello de Goberno de 3 de abril de 2008) e todas as disposicións normativas posteriores derivadas desta.

Disposición final.

Esta normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro de anuncios (TEO) da Sede Electrónica da Universidade e non terá carácter retroactivo, agás no caso de solicitudes xa iniciadas en que será de aplicación a regulación que resulte máis beneficiosa para a persoa solicitante.

A Coruña, na data da sinatura dixital,

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 11 de un total de 15 página(s).

ANEXO I. Xustificación documental

A documentación que deberá acompañar cada solicitude é a sinalada a continuación. Deberá presentarse xunto coa solicitude a través do portal do persoal, agás naqueles casos en que se indique expresamente outro medio.

Permisos e licenzas de carácter xeral

a) Licenza por matrimonio: copia do libro de familia ou certificado do rexistro público oficial no que se inscribirá a unión de feito que se entregará con posterioridade á concesión da licenza.

b) Por accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario de familiares en primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou afinidade: certificado médico e xustificante de parentesco.

c) Por cada caso de accidente ou enfermidade moi graves do cónxuxe ou parella de feito ou dun familiar dentro do primeiro grao de consanguinidade ou afinidade: certificado médico e xustificante de parentesco.

d) Por falecemento do cónxuxe, parella de feito ou familiar dentro do primeiro ou segundo grao de consanguinidade ou afinidade: certificación de defunción e xustificante de parentesco.

e) Permiso parental para o coidado de fillo, filla ou menor acollido a cargo por tempo superior a un ano, ata o momento en que o menor cumpra oito anos: copia do libro de familia ou inscrición do nacemento no Rexistro Civil.

f) Por traslado de domicilio: xustificante de novo domicilio.

g) Para realizar funcións sindicais ou de representación do persoal: comunicación acompañando, de ser o caso, xustificación sindical. Presentación a través do rexistro electrónico.

h) Para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude: Certificado de asistencia con indicación do horario que se entregará con posterioridade á concesión da licenza.

i) Para a realización de exames prenatais: documento médico prescribindo calendario de sesións, técnica de preparación e xustificación da necesidade da súa realización dentro da xornada de traballo.

l) Nos casos de adopción ou acollemento, ou garda con fins de adopción, para a asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade: xustificante da realización destas sesións dentro da xornada laboral, así como xustificante de asistencia

m) Por lactación dun fillo menor de doce meses: copia do libro de familia ou a inscrición do nacemento no Rexistro Civil.

n) Por nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto: copia da partida de nacemento do/a fillo/a que xera dereito ao permiso. Documento que acredite a hospitalización do/a fillo/a que xere o dereito ao permiso ou da súa condición de prematuro/a.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 12 de un total de 15 página(s).

ñ) Por razóns de garda legal: documento legal acreditativo da garda legal, así como, se é o caso, da idade, diversidade funcional ou dedicación especial que requira a persoa en cuestión.

o) Por coidado dun familiar de primeiro grao: copia do libro de familiar e informe médico que determine que o accidente ou a enfermidade son moi graves e a necesidade de coidados da persoa enferma.

p) Polo cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal e por deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral: o xustificante que proceda en cada caso.

q) Por asuntos particulares: non é necesario achegar documentación xustificativa

r) Licenza por asuntos propios sen retribución: solicitude motivada.

s) Por actos preparatorios para a doazón de órganos ou tecidos: xustificante da realización dos actos preparatorios dentro da xornada laboral, así como xustificante de asistencia

t) Por tratamentos de fecundación asistida: xustificante da realización de tratamentos de fecundación asistida dentro da xornada laboral, así como xustificante de asistencia.

Permisos por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral, e por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual e para as vítimas de terrorismo e os seus familiares directos

a) Permiso por parto: certificado médico. Achegarase con posterioridade.

b) Permiso por adopción ou acollemento, tanto preadoptivo como permanente ou simple: libro de familia ou resolución xudicial ou administrativa do acollemento ou adopción. Achegarase con posterioridade.

c) Permiso do proxenitor diferente da nai biolóxica polo nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dunha filla ou fillo: libro de familia ou resolución xudicial ou administrativa do acollemento ou adopción. Achegarase con posterioridade.

d) Permiso por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual sobre a muller traballadora nos termos que para estes supostos estableza a Administración: a condición de vítima de violencia acredítase nos termos previstos na normativa vixente e a necesidade das medidas solicitadas, a través dun informe emitido polos servizos de saúde, polos servizos sociais competentes ou por outros recursos públicos especializados, como os centros de crise 24 horas no caso de violencias sexuais.

e) Permiso por coidado de fillo menor, afectado por cancro ou outra enfermidade grave: certificado médico e xustificante de parentesco.

f) Permiso para as vítimas de terrorismo e os seu familiares directos: resolución xudicial ou administrativa

Permisos por docencia e investigación

Aceptación do centro de destino e, no caso de existir obrigas docentes, declaración de como se cubrirán.

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 13 de un total de 15 página(s).

ANEXO II

Tipo de permiso ou licenza	Referencias normativas
Matrimonio	119 LEPG 48.l TRLEBEP
Accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise de repouso domiciliario	108 LEPG 48.a TRLEBEP
Accidente ou enfermidade moi graves	116 LEPG
Falecemento	108 LEPG 48.a TRLEBEP
Parental por coidado de fillo, filla ou menor acollido a cargo por tempo superior a un ano	124.bis LEPG 49.g TRLEBEP
Traslado de domicilio	109 LEPG 48.b TRLEBEP
Funcións sindicais, formación sindical ou de representación do persoal	110 LEPG 48.c TRLEBEP
Exames finais, probas definitivas de aptitude e probas selectivas no ámbito do emprego público	111 LEPG 48.d TRLEBEP
Exames prenatais e técnicas de preparación ao parto	114 LEPG 48.e TRLEBEP
Asistencia ás preceptivas sesións de información e preparación e para a realización dos preceptivos informes psicolóxicos e sociais previos á declaración de idoneidade nos casos de adopción ou acollemento	122.8 LEPG 48.e TRLEBEP
Lactación	112 LEPG 48.f TRLEBEP
Nacemento de fillos prematuros ou que por calquera outra causa deban permanecer hospitalizados a continuación do parto	113 LEPG 48.g TRLEBEP

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 14 de un total de 15 página(s).

Redución de xornada por garda legal	106.2.a LEPG 48.h TRLEBEP
Redución de xornada por coidado dun familiar de primeiro grao	106.1.a LEPG 48.i TRLEBEP
Deber inescusable	117 LEPG 48.j TRLEBEP
Asuntos particulares	118 LEPG 48.k TRLEBEP
Asuntos propios	127 LEPG
Actos preparatorios de doazón de órganos	117.3 LEPG 48.m TRLEBEP
Tratamentos de fecundación asistida	115 LEPG
Parto	121 LEPG 49.a TRLEBEP
Adopción ou acollemento	122 e 123 LEPG 49. b TRLEBEP
De proxenitor diferente da nais biolóxica por nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción	124 LEPG 49.c TRLEBEP
Violencia de xénero ou violencia sexual	106.3 LEPG 49.d TRLEBEP
Coidado de fillo menor afectado por cancro	106.1.b LEPG 49.e TRLEBEP
Vítimas de actividade terrorista	106.7 LEPG 49.f TRLEBEP

Firmante: Universidade da Coruña - Q6550005J URL de validación: https://sede.udc.gal/services/documents_validation CSV: UJSI64T072BK4I8E3FV53400
Este documento es copia auténtica de un documento custodiado por la Universidade da Coruña. Fecha de creación: 26/05/2026 13:17:04 Página 15 de un total de 15 página(s).